



INFORMA

NOVA REGULACIÓN DO PERMISO DE PATERNIDADE, MATERNIDADE E ACOLLEMENTO CONFORME Ó Real Decreto Ley 9/2025 e a LEI DE EMPREGO PÚBLICO DE GALICIA.

Tralas múltiples dúbidas pola publicación do citado RDL, en parte de aplicación ós funcionarios de Xustiza de Galicia, e tendo en conta as dúbidas que xenera dado o acordo de 23-5-2018 (firmado por SPJ-USO) e a aplicación da Lei de Emprego Público de Galicia ós funcionarios de Xustiza galegos respecto ás condicións nas que mellora ó RDL publicado, **ACLARAMOS:**

AMPLÍASE O PERMISO POR NACEMENTO/ADOPCIÓN E COIDADADO A 19 SEMANAS (17+2) en familias biparentais e **32** en familias monoparentais. No noso caso afecta únicamente á paternidade.

PATERNIDADE: Das 16 actuais pásase a **19: 17 + 2 retribuídas do permiso parental de coidados.**

- **6 semanas obrigatorias despois do parto**, a xornada completa.
- **11 semanas ata os 12 meses do fillo**, en periodos semanais de forma acumulada ou interrompida.
- **2 semanas para cuidados ata os 8 anos do fillo (efecto retroativo dende o 2-8-2024 e poderá solicitarse a partir do 1-1-2026).**
- **No caso de familias monoparentais 32 semanas** (antes 26): 22 semanas ata os 12 meses e 4 semanas ata os 8 anos, + 6 obrigatorias tras o parto.

PERMISO POR PARTO - MATERNIDADE: Conforme ó acordo firmado por **SPJ-USO** o 23-5-2018, aplícasenos a Lei de Emprego Público de Galicia, que mellora o acordado a nivel nacional, e **mantemos 22 SEMANAS DE MATERNIDADE**, distribuídas a vontade da funcionaria, con **6 semanas despois do parto**, e **2 semanas mais en caso de parto con fillo discapacitado ou parto múltiple**, 2 semanas mais por cada filllo a partir do segundo.

PERMISO PARENTAL: Non se modifica o permiso parental regulado no art. 48.bis do Estatuto dos Traballadores, polo que as **8 semanas ata os 8 anos do menor seguen a ser non retribuídas.**

VIXENCIA DO NOVO PERMISO DE PATERNIDADE: Inicio o 31-7-2025, e **aplicación retroativa para nacementos/adopción dende o 2/8/24**, respecto das **2 semanas a maiores por cuidados ata os 8 anos do menor**, e **podrá solicitarse a partir do 1-1-2026.**

LACTANCIA: Non sofre modificación para o caso dos traballadores da Xustiza galega, e mantense en 1 hora diaria, acumulable nun periodo de **4 semanas ou 20 días hábiles.**

O ACORDO FIRMADO POR SPJ-USO EN 2018 SEGUE DANDO FROITOS!!! FEITOS, non palabras!!!


**SPJ-USO: OS TEUS DEREITOS,
O NOSO TRABALLO** 

SINDICATO PROFESIONAL DE XUSTIZA SPJ-USO.

SINDICATO MAIORITARIO NA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA.

A CORUÑA: Roberto 617685531 - Belén 622216341

FERROL: Manu 678514555

SANTIAGO: Manuel Tejada 654737422

LUGO: Rodrigo 605739886

OURENSE: Fran 660450226 – Alberto 657124727

PONTEVEDRA: Nilo 615496257

VIGO: Julio 600292730 - Yoli 655770994 – Sol 687939335

Mail spjusogalicia@gmail.com

Bloque <http://spjusogalicia.com>